

abaixo e á esquerda  
está o corazón

# Altermundo

GALICIA HOXE | DOMINGO, 29 | MAIO 2011



PEDRO RAMIRO

Investigador do Observatorio de Multinacionais en América Latina - Paz con Dignidad

**Empresas multinacionais que, nun contexto de crise económica, pulverizan todas as marcas de obtención de beneficios. Executivos destas grandes compañías que, mentres apoian reformas que abaratan o despedimento, sóbense o soldo. Gobernantes que viaxan por todo o mundo, acompañados polos maiores empresarios, para asegurar os negocios das compañías transnacionais que teñen a súa sede neste país. Ex-gobernantes que, para pechar o círculo, son contratados agora polas mesmas empresas que no seu día privatizaron.** Nos últimos meses, as multinacionais españolas mudaron en protagonistas dunha sucesión de novas como estas. Se se fai o exercicio de polas todas xuntas unha detrás doutra, pode construírse, sen necesidade de demasiados comentarios, o relato dos gañadores e perdedores da crise actual.

“En crise? Quen está en crise? Desde logo, o grupo Santander non”, dicía Emilio Botín, presidente da maior entidade financeira española, ao anunciar a compra dun banco inglés en pleno *boom* da crise económica global. A principios do ano pasado, Botín mostrábase exultante ao presentar os números do banco: “Se esperan escoitar malas novas, trabucáronse de sitio. Só oírán boas informacións porque os resultados son magníficos”. Xa en febreiro, o banqueiro volvía sacar peito: “O Banco Santander logrou completar un ano excelente”.

De igual xeito, as maiores empresas multinacionais españolas tamén aumentaron as súas ganancias no último ano. Para comprobalo, algúns titulares recentes: “Telefónica supera os 10.000 millóns de beneficio”; “Repsol YPF triplica beneficios pola venda de activos e a subida do cru”; “As empresas do Ibex gañaron un 22% máis en 2010”. Hai uns días, o diario *El País* resumía esta situación con tres palabras: “Uns beneficios extraordinarios”.

## I

“Zapatero acelera as reformas e os empresarios piden máis”; “Os empresarios esixen a Zapatero que non lle trema o pulso”, dicían as portadas ao día seguinte da xuntanza que tivo o presidente en Moncloa, a finais de novembro de 2010, cos 37 maiores empresarios deste país. “Hai que facer reformas, por impopulares que sexan. E se se sobreactúa, non pasa nada”, afirmaba Rodrigo Rato, pre-

## EN CRISE? QUEN ESTÁ EN CRISE?



sidente de Caja Madrid. Ao remate daquel encontro, Zapatero comparecía ante os medios e deixabao claro: “O Goberno comprometeuse a seguir coas reformas estruturais e a algo máis, a realizalas coa máxima celeridade”. Efectivamente, unha semana despois, o Consello de Ministros aprobaba o novo plan anticrise: “Zapatero privatiza aeroportos e elimina a axuda de 426 euros”.

O 2 de febreiro, o Goberno, a patronal e os sindicatos maioritarios asinaban o acordo de reforma do modelo de pensións. “O pacto é unha mensaxe de confianza a España e á UE”, dicía o líder do Executivo, mentres Francisco González, presidente do BBVA, afirmaba: “O pacto social é bo pero non abonda. Hai que facer máis fotos e con máis xente porque queda moito traballo por diante. (...) Hai que sacrificarse e facer do país un país de progreso”, dicía, á vez que pedía “unha reforma laboral de verdade”.

Un día máis tarde, as medidas económicas do Goberno recibían o respaldo internacional coa visita de Ánxela Merkel ao noso país: “España está en moi bo camiño”, dicía a chanceler alemá nunha cea cos presidentes de compañías como Telefónica, Iberdrola e Acciona. E, ese mesmo

día, Botín mostrábase “contento de como están a ir as cousas” e da “rapidez das medidas”, que “son magníficas”.

“A grande empresa únese para propor medidas contra a crise. 17 compañías forman o Consello Empresarial para a Competitividade”, podíamos ler en *Público* en febreiro. “O noso nome é a competitividade e o noso apelido, a economía española”, afirmaba César Alierta, presidente de Telefónica e do recién creado *think tank* empresarial, cuxa labor será “facer todo o que estea nas nosas mans para que as medidas, mudanzas e reformas a tomar co obxectivo de mellorar a economía se fagan de forma decidida”.

## II

“Dotar dun marco xurídico aos investimentos, que garanta a estabilidade das mesmas e que atraia outros investimentos no futuro”. Nas súas propias palabras, ese era o principal obxectivo da viaxe que levou á ministra de Asuntos Exteriores a Bolivia en outubro do ano pasado. “Jiménez pide a Bolivia estabilidade para as empresas españolas”, dixo a prensa, e é que reclamou ao seu homólogo boliviano unha maior seguridade xurídica para os negocios que teñen no país

andino multinacionais como BBVA, Repsol, Abertis e Santillana. “O goberno traballa en beneficio dos pobos”, dicía entón Trinidad Jiménez.

É certo que novas deste tipo adoitan darse ao longo de todo o curso político, pero tamén é verdade que se incrementaron nos últimos tempos: ante a recesión económica que se vive no Estado español, as multinacionais decidiron envorcarse noutros mercados para seguir incrementado os seus resultados. E niso tivo moito que ver o apoio do Goberno español a través da acción exterior e as relacións diplomáticas: “León sae de carcería. Zapatero confía ao secretario de Estado a procura de contratos polo mundo” (*El País*, xuño de 2010).

Así, multiplicáronse as visitas de membros do executivo e da Casa Real a outros países clave para os intereses das empresas españolas. Citando só as viaxes máis recentes, un breve relato: en febreiro, “O ministro Blanco parte ás Américas”; ese mesmo mes, unha delegación parlamentaria viaxou a Guinea Ecuatorial: “É moitísimo máis o que nos une que o que nos separa”, podía lerse nos xornais que lle dixo José Bono a Teodoro Obiang; en marzo, o presidente do Goberno visitou dous países do Golfo Pérsico: “Zapatero consegue en Qa-

tar 3000 millóns de euros en investimentos” e “Emiratos Árabes investirá nas caixas 150 millóns”.

Con idéntico propósito producíronse viaxes en sentido inverso. En xaneiro, visita a España do viceprimeiro ministro chinés: “Acordos comerciais por 5650 millóns” cos que “España pecha contratos no sector de enerxía, finanzas e alimentación”; en marzo, Sebastián Piñera dicía no Foro Nova Economía que “Chile ten un *status* xurídico que garante un trato igualitario e amigábel tanto aos investidores estranxeiros como nacionais. Quixéramos ver moito máis investimento español no noso país”.

## III

Quen saen beneficiados de toda esta bonanza? Pouco que engadir á simple lectura dalgúns titulares das últimas semanas: “Altos executivos a millón por cabeza”; “Os altos directivos do Ibex sóbense un 20% o soldo”; “A austeridade no Ibex empeza a facer augas: os presidentes de Repsol e de Iberdrola gañan sete millóns”; “O presidente do BBVA gañará 4,97 millóns de euros en 2011”; “Amancio Ortega xubilábase con 9.100 millóns máis que no peor intre da crise”.

Tamén saen moi ben parados os accionistas –“Telefónica pagará un dividendo marca de 7.300 millóns en plena crise”– e os ex-gobernantes que atravesaron as portas xiratorias: “Gas Natural incorpora ao seu consello ao ex-presidente Felipe González”; “Aznar ficha pola eléctrica que privatizou. Endesa contrata ao ex-presidente do Goberno como asesor externo para Iberoamérica”.

“Como pode ser que nun ano en que os beneficios empresariais se achegaron ao 25% e os salarios apenas medraron un 3% non estoupe a revolución social?”. En 2005, o Colectivo Todozaen facíase esta pregunta no ano que tampouco fixemos a revolución, un libro escrito tomando como base unha sucesión de novas de prensa sobre “despedimentos, beneficios de escándalo, corrupción financeira, medo laboral, reaxustamentos salvaxes, ganancias multimillonarias...”. Hoxe, seis anos despois, cuns niveis de desemprego que non deixan de medrar, un Goberno que outorga prioridade aos intereses “das nosas empresas” á hora de deseñar as súas políticas e uns empresarios convencidos do seu poder tras marcar as liñas mestras da economía española para os vindeiros tempos –di Botín que 2011 “volverá ser un ano excelente”–, unha inquietude similar xorde cada vez con máis forza: será que este ano tampouco poderemos facer nada por cambiar esta situación? ●

O artigo foi publicado no número 46 da revista *Pueblos*.





## O FMI ESMAGA A HUMANIDADE



**JEAN-MARIE HARRYBEY**  
Ex profesor asociado de Ciencias Económicas e Sociais e profesor de Economía na Universidade de Bordeaux IV. Foi presidente de Attac Francia en 2006-2009

O mundo vive unha crise monumental, que é á vez social, económica, financeira e ecolóxica. A maioría dos comentaristas están a ignorar as causas reais de todos estes desastres, resultado dunha lóxica de acumulación incribel e dun enriquecemento vertixinoso dunha minoría de xente rica. Namentres, esta minoría aproveita a crise para acentuar aínda máis a presión sobre os do común, sobre os traballadores e sobre as poucas institucións colectivas que aínda sobreviven, como o benestar social e os servizos públicos.

O Fondo Monetario Internacional (FMI) e todas as súas institucións irmás, como o Banco Mundial, a Organización Mundial do Comercio (OMC), e os supragobernos autoproclamados como o G8 e o G20, aplicaron e aplican políticas que poñen ás persoas de xeonllos. O FMI e a UE non salvaron a Grecia, a Irlanda. Non salvaron a Irlanda e Portugal, aseguráronse de que os seus gobernos tivesen a vontade de facer pagar a crise ás vítimas da crise e non aos seus responsá-



PURENARCHIV

beis. Unha proba suplementaria disto é a preparación do "pacto do euro" polos gobernos francés e alemán e a Comisión Europea, que se atopa actualmente no Parlamento Europeo.

A presión mediática para dar ao FMI unha imaxe de salvador supremo é un engano, unha mistificación: o programa de privatizacións esixido a Grecia prevé a venda, entre outras cousas, das compañías de ferrocarrís e electricidade, e o feito de non facelo no último ano sería a causa das persistentes dificultades que en-

fronta este país na actualidade. Este encarnizamento non se pode explicar doutro xeito que pola negativa a contemplar a necesaria cancelación de polo menos unha boa parte da débeda pública, anulación que padecerían os acredores privados que teñen a intención de xogar sen interrupción en todos os campos: de sacar proveito das desgravacións fiscais e déficit públicos e esperar a que caian as empresas estatais nas súas mans.

Hai que ter a ideoloxía neoliberal moi inserida nos miolos pa-

ra declarar, como fixo o senador Robert Badinter, que "o FMI recuperou o seu brillo", e marabilarse coa "excelencia da súa acción" (France Inter, 17 de maio 2011, 8.20am). E a Christine Lagarde, Ministra de Economía, Finanzas e Industria de Francia, dando polo pau ao proclamar que había que facer privatizacións en Grecia de contado.

Hai que chegar ao grao cero de incompetencia económica para non entender que canto máis se impón a austeridade, máis se reducen as oportunidades para restaurar as finanzas públicas, poisque a proporción de débeda en relación á riqueza producida aumenta de xeito automático.

A ruela sen saída neoliberal sitúase aí: en querer reunirse e custe o que custar as condicións para o "retorno a Grecia" —e dos outros— aos mercados financeiros". É unha corda frouxa, un acto de equilibrio imposible, porque son os mercados financeiros a orixe da crise da débeda e porque, contra todo prognóstico, os gobernos e as institucións financeiras queren manter a influencia dos

mercados sobre as sociedades e os pobos.

Os prazos establecidos polo vindeiros cumios do G8 e do G20 en Francia, coa presenza do FMI, serán novamente unha ocasión para constatar o grao de conivencia das forzas económicas do capitalismo, dos gobernos neoliberais e das súas institucións internacionais, non para sacarnos da crise, senón para nos mergullar nela un chisco máis. Todos os intentos de novas regulamentacións ficaron en letra morta: os paraísos fiscais, a circulación de capitais, as remuneracións dos banqueiros, etc. Que non nos falen de "moralidade"...

Velaquí a nova deste fin de semana, da que os medios teñen bo cuidado de non falar: o FMI vai tomar o mundo até ben abaixo e, con tales políticas, as clases dominantes pretenden apropiarse del definitivamente. O FMI é un símbolo: o do diñeiro, o do poder, o da arrogancia, o do desprezo, todo iso acompañado dunha sensación de impunidade perpetua. ●

●+INFO: alternatives-economiques.fr

## O EXAME DO NACIONALISMO GALEGO



**XURXO MARTÍNEZ GONZÁLEZ**  
Filólogo

O nacionalismo, como expresión política de seu, introdúcese nunha encrucillada que examinará a fortaleza do seu discurso e a implantación do mesmo entre as diferentes capas da cidadanía galega. O presente escrito encaixámo na dialéctica de Galiza e España que atinxe á discusión do pobo galego como suxeito histórico ou como expresión da soberanía. Non por iso consideramos esta dicotomía como a principal no campo ideolóxico porque neste eido o combate establécese entre os intereses das clases sociais. Cómprase ter claro este punto para non se trabucará na interpretación do que vén deseguido.

A recomposición do discurso nacionalista é unha obriga e unha evidencia a todas luces. O máis que posíbel acoso da esquerda española —en ascenso— irá, pasenllamente, introducíndose nos círculos de debate político. Procurarán dar unha resposta ás demandas socioeconómicas que tanto desasosegan á cidadanía —mágoa que non haxa unha alternativa arredista con implantación e forza fora do Bloque. Non haberá un acoso ao BNG, como expresión maioritaria, mais si ás súas bases desgustadas, necesitadas de quen as escoite, de quen canalice as súas pretensións logo de determinadas accións discutibéis da fronte. O argumento: cómprese priorizar o programa que resolva a crise;

o nacionalismo fala da nación e non dos problemas do pobo.

Un siloxismo falso: o nacionalismo de esquerdas non se dedica exclusivamente a defende-la identidade de Galiza senón que tamén fornece ao pobo galego das ferramentas necesarias para a súa emancipación social. O nacionalismo precisa dun contido ideolóxico que coidamos debe ser ferreamente de esquerdas.

A renacionalización do estado comezou no aznarato. Naquela etapa ominosa derrocouse a relación de sentirse español con ser franquista e comezou a elaboración dunha diatriba contra os nacionalistas. A visión mudou: se denantes estes foran pezas cruciais para o derrocamento do feixismo e a transición cara á democracia, agora son vistos como elementos de desequilibrio estatal —son uns egoístas—, de chantaxistas para a gobernabilidade do estado ou de seren uns resignados cheos de xenreira contra todo o que soe a español.

Con este mitin aparecen organizacións criptofeixistas como UPyD que axudan a agudizar a situación e polemizan, aínda máis, en temas como a lingua ou a centralización. Tirando desta póla, o PP fala máis comodamente e as faccións centralistas do PSOE abrollan por doquier. No fondo, vivimos un período de afrontas para desmonta-lo nacionalismo como opción po-

lítica, as nosas razóns e afirmacións.

A perda da referencia dunha esquerda real representada no nacionalismo político hexemónico, xunto á carencia dunha alternativa patriótica capaz de recolle-los descontentos, sitúan nun laboratorio de probas. O BNG, como forza dominante, cede espazo simbólico e referencial ante a esquerda española que representa Esquerda Unida. E como pode ser iso, por exemplo, tendo o BNG como orientación sindical a CIG —que aumenta de cote en número de delegados e afiliación— e EU un sindicato vendido como CCOO —quen pacta a traizón das pensións?

Corrémo-lo perigo de que certa masa escorrente do BNG con tres saída: a abstención activa, o voto testemuñal a calquera organización minoritaria —sen afán de participar na construción dunha nova opción— ou o achegamento estreito á esquerda española.

Por iso estamos nun período que será de exame da formación da base nacionalista e do afincamento da teoría. E xogamos cun certo atraso. Boa parte da mocidade, valor tan decisivo, non atopa atractivo nin rebeldía no BNG. Pero tampouco esta rapazada opta abusivamente por organizacións xuvenís da esquerda arredista. Entón, cando xorde un feito como o movemento 15-M, certo nacionalismo non

ten mellor oferta que culpálos dalgunhas doenzas propias e veladamente irradia-la consigna de que son españolistas e hippies: hai que afastarse denantes de participar.

Pode que moitos deles estean pendentes do que diga a metrópole. Por esa razón temos que intervir e advertir, dende posicións transformadoras, que se ben compartimos algunhas preocupacións tamén temos outras distintas. Argumentemos como hai sectores que merecen unha interpretación dende Galiza e non dende Madrid. Eis un dos perigos: que a base social, até agora identificada en boa parte co nacionalismo de esquerdas, comece a centrarse nunha problemática estatal e irradiada dende a corte a través dunha delegación da esquerda española que propugna o programa alternativo.

Non sabémo-lo desenvolvimento dos indignados pero si cómprese falar nas asembleas levando a nosa ensinanza, que a mocidade interveña e cotexe as teses. Eis unha das funcións da formación ideolóxica: ter seguridade e argumentos ante o adversario político, centra-lo debate na realidade inmediata —a galega—, tamén para reflexionar sobre asuntos sobre os que non tiñamos cavilado... en resumo, para aprender como colectivo e en asemblea. Rexeitar esa participación é como darse por derro-

tado alén de amosar, nalgúns casos, a actitude máis cómoda.

Dende hai uns anos chamámos á reformulación da esquerda nacionalista. Somos moitos o que coidamos unha urxencia o debate en común do nacionalismo como doutrina política, as súas teses e conceptos, as súas estruturas e medios de comunicación social, as súas relacións cos movementos de base e a súa capacidade de ilusionar. Referémonos á adaptación ao período histórico actual e que non debe rexeita-lo seu pasado nin o marxismo nin a aspiración á creación dun estado propio —cómprese entrar nas rúas do arredismo. Pero debe someter tantas eivas endóxenas como o sectarismo, o personalismo e a histeria polo control das organizacións de masas.

A república, cos seus valores intrínsecos, constrúese dende a nosa vontade. Necesitamos formarnos cada día. Non só en teoría política senón aspirar a ter un mínimo coñecemento en economía, historia, lingua, socioloxía... Se pretendemos transformar-lo sistema, canto teremos que estudar e debater en conxunto! A construción do futuro é unha tarefa que nos corresponde a todos nós nun período concreto, nun lugar concreto. Sobre todo, compéttelle á mocidade que di basta á imposición do neoliberalismo. ●



## OS INDIGNADOS E A COMUNA DE PARÍS

A plena actualidade de moitas das demandas daqueles comeneiros de 1871 reflíctese hoxe nos manifestos que circulan polas prazas de España e Europa



**ATILIO BORÓN**  
Político e sociólogo argentino, é profesor de Teoría Política e Social, na Facultade de Ciencias Sociais da Universidade de Bos Aires

Se cadra por unha desas sorpresas da historia o gran levantamento popular que hoxe conmove a España —e que comeza a reverberar no resto de Europa— estoupou en coincidencia co 140 aniversario da Comuna de París, unha xesta heroica na que a demanda fundamental tamén era a democracia. Pero unha democracia concibida como goberno do pobo, polo pobo e para o pobo e non como un réxime ao servizo do padroado e no cal a vontade e os intereses populares están inexorablemente subordinados ao imperativo da ganancia empresarial.

Precisamente por iso as demandas dos "indignados" teñen resonancias que evocan axiña aquelas que, coas armas na man, saíron a defender as parisienses e os parisienses nas heroicas xornadas de 1871 e que culminaron coa constitución do primeiro goberno da clase obreira, aínda que restrinxido á cidade de París. Un goberno que durou pouco máis de dous meses e que logo foi esmagado polo exército francés coa complicidade e cooperación das tropas de Bismarck, que pouco antes lle propinou unha humillante derrota aos herdeiros dos exércitos napoleónicos.

O ensañamento contra os parisienses que tiveron a ousadía de querer tomar o ceo por asalto e fundar unha democracia verdadeira foi terribel: calcúlase que máis de trinta mil comeneiros foron pasados polas armas, en execucións sumarias sen xuízo previo. A Comuna foi afogada nun río de sangue e para expiar os seus "crimes" a Asemblea Nacional decidiu erixir, no outeiro máis elevado de París, en Montmartre, a basílica do Sacré Coeur, construída cos fondos achegados por unha subscrición popular en toda Francia que, para honra dos parisienses, só unha ínfima parte do recadado proveu da cidade martirizada pola reacción. París foi derrotada, pero as parisienses e os parisienses non foron postos de xeonllos.

A Comuna descreía da institucionalidade burguesa, insaneamente tramposa porque sabía que a ese aparato armazón de leis, normas e axencias gobernamentais só lle preocupaba consolidar a riqueza e os privilexios das clases dominantes e manter sometido ao pobo; esixía unha democracia directa e participativa e a derogación do parlamentarismo, esa viciosa deformación da política convertida en oca palabrería e ámbito de todo tipo de transas e negociacións alleas por completo ao benestar das maio-

rias; demandaba a creación dunha nova orde política, executivo e lexislativo, á vez, baseado no sufraxio universal —homes e mulleres por igual, non como acontecería despois nos capitalismos democráticos nos cales o "universal" referiríase exclusivamente aos homes— e con representantes doadamente revogábeis e directamente responsábeis ante os seus mandantes. [1] Os comeneiros querían unha democracia xenuína, non ficticia, na que tanto os representantes do pobo como a burocracia estatal non gozarían de privilexio algún e terían unha remuneración equivalente á do salario medio do obreiro, entre outras medidas tales como a consumación da separación entre a Igrexa e o Estado e a universalización da educación laica, libre e obrigatoria para homes e mulleres por igual.

Basta con botar unha ollada aos documentos dos "indignados" de hoxe para comprobar a asombrosa actualidade das demandas dos comeneiros e o pouco, moi pouco, que mudou a política do capitalismo. Os mozos e non tan mozos que reben tan unhas 150 prazas de España non son "apolíticos", ou "antipolíticos", como unha certa prensa nos quiere facer crer, senón xentes profundamente politizadas que se toman en serio a promesa da democracia e que, por iso mesmo, se rebelan en contra da falsa democracia, xurdida das entrañas do franquismo e consagrada no tan aplaudido Pacto da Moncloa, exhibido como un acto de exemplar enxeñería política democrática ante os pobos latinoamericanos. Unha democracia que os acampados denunciaron como un engano, un simulacro que baixo as súas edulcoradas roupas agacha a persistencia dunha cruel ditadura que descarga o peso da crise desatada polos capitalistas sobre os ombreiros dos traballadores.

O que a "exemplar" democracia da Moncloa propón para enfrontala é o despotismo do mercado, inimigo irreconciliábel de calquera proxecto democrático: facilitar os despedimentos dos traballadores, reducir os seus salarios, recortar os dereitos laborais, conxelar as pensións e aumentar a idade requirida para xubilarse, diminuír o emprego público, recortar os orzamentos en saúde e educación, privatizar empresas e programas gobernamentais e, coroando toda esta estafa, reducir aínda máis os impostos ás grandes fortunas e ás empresas para que co diñeiro sobrante invistan en novos empre-

dimentos. [2] A famosa e mil veces refutada "teoría do derrame" unha vez máis, que supón que o pobo é parvo e que non se decata que se os ricos teñen máis diñeiro se require dun milagre para que non sucumban ante a tentación do casino financeiro global para investir na creación de empresas xeradoras de novas fontes de traballo. A experiencia indica que a tentación é grande de máis.



A resposta da falsa democracia española —en realidade, unha sórdida plutocracia que os mozos queren destronar e substituír por unha democracia digna dese nome— ante a crise provocada pola insaciábel voracidade da burguesía é afondar no capitalismo, aplicando as receitas do FMI até que a sociedade se desangre e afundida no desánimo e a miseria acepte unha "solución neofascista" que recompoña a orde perdida. Non hai recambio posíbel dentro da trampa pseudodemocrática española porque o seu

famoso bipartidismo demostrou que non é outra cousa que as dúas caras dun só partido: o do capital. Pero agora o contubernio entre o PSOE e o PP topouse cun obstáculo inesperado: alenado polos ventos que desde o norte de África cruzan o Mediterráneo os mozos, vítimas principais pero non exclusivos deste saqueo, -dixeron xa abonda! e botaron a andar-, como unha vez o expresou o Comandante Ernesto "Che" Guevara no seu soado discurso de 1964 ante a Asemblea Xeral das Nacións Unidas.

Xa nada volverá ser como antes en España. O desprestixio da súa clase política parece exceder o punto de non retorno e a crise de legitimidade da pseudo democracia chega a profundidades insondábeis; se exipcios e tunisianos puideron desfacerse das corruptas camarillas gobernantes, por que non poderían tamén facelo os "indignados"? As obscenas incoherencias éticas do ver-

dadeiro reitor da economía española, o FMI, non poden senón irritar e mobilizar a camadas cada vez máis amplias de cidadáns e cidadáns: mentres estes padecen todo tipo de recortes aos seus ingresos e os seus dereitos laborais, os bandidos do FMI deciden premiar a Dominique Strauss Kahn unha indemnización de 250.000 dólares porque renunciou anticipadamente ao seu cargo... por incorrer nun gravísimo delito como o asalto sexual a unha traballadora africana nun hotel de Nova York! Aparte diso, gozará dunha gorentosa xubilación que lle é negada a millóns de españois e europeos en Portugal, Grecia, Irlanda, Islandia...

E esa é a xente que di saber como se sae da situación que está afundindo ao mundo na peor crise económica da historia! Sen ler aos clásicos do marxismo a vida ensinoulles aos "indignados" que non hai democracia posíbel baixo o capitalismo, que como dición Rosa Luxemburg sen socialismo non hai nin haberá democracia e que o capitalismo é insanablemente antagónico coa democracia. A historia deu un veredicto inapelábel: máis capitalismo, menos democracia, no Norte opulento e industrializado igual que no Sur global. A vida aprendeulle tamén que cando aúnan as súas vontades, cando se organizan e educan no debate de ideas para superar o aparellamento de masas programado pola industria cultural do capitalismo, a súa forza é quen de paralizar á partidocracia e pór en crise a pseudo democracia con que se lles enganaba. Se persisten na súa loita poderán derrotar a prepotencia do capital e, eventualmente, iniciar unha nova etapa na historia non só de España senón tamén de Europa. Os pobos do mundo enteiro teñen hoxe os seus ollos postos nas rúas e prazas de España, onde se está a librar un combate decisivo. [3] ●

●+INFO: www.attiliboron.com

[1] Convén lembrar que Alemaña e o Reino Unido introdución o sufraxio feminino ao finalizar a Primeira Guerra Mundial, en 1918, Austria fíxoo en 1919, Estados Unidos en 1920, España en 1931 e Francia en 1944, 73 anos despois de que fose proclamado pola Comuna de París! En Italia esa conquista logrouse recentemente, en 1946 e en Suíza, a miúdo exhibida como o gran modelo democrático, en 1971!

[2] Cf. Vincenc Navarro, "El movimiento democrático real y la hipocresía del establishment mediático", <http://www.rebelion.org/docs/128839.pdf>

[3] Carlo Frabetti, "La revolución ha comenzado", en [www.kaosrelared.net](http://www.kaosrelared.net)





DENDE O CONSELLO EDITORIAL

Le Monde

www.lemonde.fr

## EUSKAL HERRIA: A HORA DA POLÍTICA

Cando a iso das oito do serán do pasado domingo 22 de maio, a ETB daba conta das primeiras sondaxes a pé de urna, os ceos comezaban a tremar: a coalición Bildu, formada por EA, Alternatiba e independentes da esquerda abertzale, acadaba uns resultados por riba mesmo das expectativas máis optimistas entre os soberanistas de esquerdas. O número de votos da coalición collía a contrapé a algúns dos sociólogos e políticos presentes no plató da televisión pública basca, que non acertaban a dar explicacións coherentes ao acontecido.

As primeiras análises neste tipo de citas non adoitan ser demasiado exactas, ou completas. É aconsellábel agardar ás reaccións dos protagonistas. Se así o facemos, vemos máis unha vez a falta de sintonía entre as sociedades basca e española. No Estado o debate xira doutra volta arredor da relación Bildu-ETA, á conveniencia dos sectores máis reaccionarios que son quen de marcar a axenda. En Euskal Herria as discusións van por outro lado.

Máis de 313.000 persoas deron o seu voto a Bildu e semella evidente que esa gran parte da cidadanía confía no proceso de abandono da estratexia político-militar por unha estratexia exclusivamente política. A mensaxe é clara: por ese vieiro é posíbel traballar todos á xunta. Do mesmo xeito, estas eleccións deixan clara a pouca validez democrática do gober-

no da Comunidade Autónoma. Se extrapolamos os resultados destas eleccións –tendo claro que son municipais– a nivel autonómico, vemos que os partidos que sustentan o executivo de Patxi López –a alianza PSOE-PP– non sumarían máis que 26 dos 75 de-

tanto na Deputación coma no Goberno Vasco, cualificaron estes proxectos como estratéxicos para o futuro de Gipuzkoa. Entre os defensores destes megaproxectos insustentábeis estaban –e están– o PNV, o PSE, o PP e HI–unha escisión de EA. Todos eles

foron castigados. A Deputación non reparou en gastos á hora de convencer á cidadanía das bondades do Porto Exterior –co inestimábel apoio dos poderes mediático-económicos da provincia–, malia ter recibido informes críticos coa insustentabilidade ecolóxica e financeira por parte de organismos estatais e europeos. Por outra banda, perante o crecente problema do tratamento do lixo na provincia, nalgúns dos poucos concellos onde a esquerda abertzale foi quen de se presentar hai 4 anos, instaurouse un polémico sistema de recolleita porta a porta que permite unha maior selección e reciclaxe do

lixo, como alternativa á construción dunha incineradora no territorio. Nestes concellos gobernados pola esquerda abertzale –como Hernani ou Usúrbil–, Bildu superou o número de votos recibidos hai 4 anos por ANV.

É aí onde están os temores da clase político-económica, que nunca se dignou a lle consultar á poboación pola aprobación destes macroproxectos que eran “estratéxicos”. É aí onde máis lles doe e é aí onde, ao cabo, está o debate. Na política. ● [Imanol Dorca, 26/05/11]



URIBE KOSTA

putados do Parlamento Vasco.

Mais, como dicía, o debate agora vai por outro lado. Bildu acadou bos resultados en Araba, Bizkaia e Nafarroa, mais onde realmente arrasou foi en Gipuzkoa. E é a Gipuzkoa e a súa Deputación onde se dirixen todas as miradas. Nos últimos anos hai abertas varios frentes nesta provincia que dividen á sociedade: a construción do TAV –Tren de Alta Velocidade–, do Porto Exterior de Pasaia e dunha nova incineradora. Os diferentes gobernos neoliberais dunha e doutra cor, e

## O G8 resucita en Deauville

[...] Francia acolle o 26 e 27 de maio a festa dos oito países máis ricos do mundo. Os poderosos non teñen interese ningún en atraer a luz cara a este club todopoderoso contra o que se están a mobilizar aos movementos sociais desde os anos 80. Mellor, paga a pena reservar as cámaras para o G20 do vindeiro mes de novembro en Cannes e as promesas que o acompañan: a regulación sistema monetario internacional, a loita contra a volatilidade dos prezos e a corrupción, o apoio ao emprego e o desenvolvemento ... Un cumio que se espera sexa un pouco máis lexítimo que a xunxunta do G8 porque reúne 12 países complementarios.



[...] Sería erróneo, con todo, considerar o G8 como unha reliquia do pasado. Celebrábase este ano ante a insistencia de Nicolás Sarkozy. E por unha boa razón: os países do G8 teñen intereses moi específicos, e para seguir a ser os máis ricos teñen que organizarse. Demóstrao a axenda do cumio. Internet será honrado, e con el os grandes patróns invitados de Facebook, Amazon e outros exitosos gurús da rede, para discutir sobre os dereitos de propiedade intelectual, esenciais na súa estratexia de expansión global. O sitio web oficial de Deauville do G-8 di: “A innovación e o crecemento verde son vitais para a economía e o emprego dos países do G8 e para aumentar o seu potencial de crecemento.” Os partenariados con África, máis aló dos obxectivos de desenvolvemento que nunca se levaron a cabo polo G8 anterior, fomentará o desenvolvemento do sector privado como motor do crecemento en África”. O escenario está preparado: o medio ambiente e África serán os novos campos de acumulación de capital, novos xeitos de ampliar os mercados e aumentar as ganancias das potencias económicas do G8.

Outros temas do calendario. Despois do desastre de Fukushima, o G8 discutirá sobre a enerxía nuclear, auspiciado por Francia, o primeiro produtor de enerxía nuclear no mundo, e Rusia como asesor, que presentará un informe sobre a seguridade nuclear. Estamos tranquilos. [...] Hai pouco suspense ao redor de cal vai ser o tema favorito do G8, o da seguridade contra os terroristas, contrabandistas, os inmigrantes ilegais e estranxeiros, todos unidos para converterse en chibos expiatorios e canalizar a ira das poboacións precarizadas. O G8 non é só un festival: é o traballo na sombra e as múltiples negociacións que o acompañan instigan a gobernanza do medo, unha orde de seguridade mundial, o fortalecemento das leis de seguridade. Estes oito países representan as tres cuartas partes do gasto militar mundial, e tamén a intención de decidir por si sós a guerra e a paz no mundo... ● [“G8 à Deauville : silence, on tourne!”]. Aurélie Trouvé, copresidente de Attac, 25/05/11]

MAURO SANTAYANA: maurosantayana.com

MILENA MARTÍNEZ BASALO



### España e a indignación nas rúas... e en todas as rúas

[...] Por máis que os medios finxan non entender o que esas manifestacións anuncian, o pobo está comezando a saír ás rúas, e ás rúas sairán, en todas as latitudes e lonxitudes, na procura dunha vida máis humana. As institucións estatais non poden continuar a servizo dos máis fortes, nesa promiscuidade escandalosa entre os que dominan o capital financeiro e os que ocupan os gobernos. [...] “Madrid non é Tahrir, mais o virus é o mesmo: o fastio dunha xuventude sen esperanza, diante dun mercado minguante que se “moderniza” cortando dereitos sociais e empregos... ● [Mauro Santayana, 19/05/11]

YOANDRY: www.yohandry.com

VICENTGALIANA



### Dez formas distintas de manipulación mediática

O elemento primordial do control social é a estratexia da distracción, que consiste en desviar a atención do público dos problemas importantes e das mudanzas que son decididas polas elites políticas e económicas, mediante a técnica do diluvio ou inundación de continuas distraccións e de informacións insignificantes. “Manter a atención do público distraída, lonxe dos certos problemas sociais, cativada por temas sen importancia real. Manter o público ocupado, ocupado, ocupado, sen ningún tempo para pensar; de volta á granxa como os outros animais” [...] ● [Noam Chomsky, 16/05/11]

O FUNAMBULISTA...: ofunambulista.co.blogspot.com



### Post-15M: sen sorpresa, mais con incógnitas

Non foron sorprendentes os resultados. O electorado do PP seguindo ao seu partido chova ou trone, o da esquerda escaldado cuns partidos dedicados ben a faceren políticas de dereitas ben a esclerotizárense en estruturas pouco participativas que precisan dunha refundación. [...] A maior incógnita é ver como reacciona á marea popular o movemento 15M. Desinflárase confundindo a vitoria do PP cunha censura da poboación ao movemento? Seguirá activando á cidadanía por fóra do sistema? Madurará ata pasar do utopismo flower-power á reflexión sobre o poder? ● [David Rodríguez, 23/05/11]

GALICIA ECO...: galiciaecosocialista.blogspot.com

KALVELLIDO



### Que está a pensar un millón de persoas?

Un millón de persoas decidiron achegarse as furnas onte a depositar un voto sen papeleta (en branco) ou con comentarios críticos (nulos). As forzas políticas da ‘esquerda’, unha vez máis, e xa van varias, adicanse agora a culpar a estes ‘inconscientes’ da derrota electoral.

[...] quizais estamos emprazados, entre a esquerda social e política máis sensible ás demandas da cidadanía, a pular por unha plataforma cidadá para as próximas eleccións de carácter xeral e con referentes éticos coma Xosé Manuel Beiras ou Manolo Rivas como cabezas de cartel. ● [Xoán Hermida, 23/05/11]